

## **DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2022**

### **eventos destacados**

#### **DOA Saúde Mental**

C/ Romil no 84, 36211 Vigo

Do 1 ao 15 de outubro – EXPOSICIÓN OUTPUTS, na Casa da Mocidade de Moaña. Exposición de obras realizadas nos nosos talleres desde o comezo da nosa andaina en 2007 na península do Morrazo, composta por colaxe, pintura e escultura.

Do 3 ao 14 de outubro – EXPOSICIÓN RETROSPECTIVA CARTELERÍA do Día Mundial da Saúde Mental, na Casa do Patín, en Bouzas

7 de outubro – MESA INFORMATIVA, na Delegación da Xunta en Vigo

10 outubro – LECTURA MANIFESTO. Acto no Concello de Vigo, entre 12:00 e 13:00 horas

10 de outubro - Inauguración da EXPOCAPELA - PÁNICO NA CAPELA 12. Exposición Virtual con obras das persoas atendidas do Centro de Rehabilitación Psicosocial de Cangas, a las 17:30 horas.

11 de outubro – MESA INFORMATIVA no Centro Comercial Vialia, en Vigo, de 09:00 a 14:00 horas

14 de outubro – CHARLA-DEBATE no concello de Moaña, as 19:00 horas, co seguinte contido:

- Onde comenza o camiño. E. Gómez, coordinadora DOA Cangas.
- O noso camiño – Proxecto Abrementos. Testimonio en primeira persoa sobre a recuperación en saúde mental
- Debate / preguntas

#### **Fundación Érguete Integración**

Avda. Martínez Garrido, 21 int. 36205 Vigo

A Fundación Érguete - Integración continúa co PROXECTO ABEIRO, nos centros penais de Teixeira (finalizado en setembro, con 10 persoas participantes), da A Lama (finalizado en xuño, con 10 persoas participantes) e de Pereiro de Aguiar (en execución, con 10 persoas participantes).

No centro penal de Pereiro de Aguiar, ademais, está prevista unha EXPOSICIÓN DE PANEIS en zonas comúns para que todos os internos e internas poidan acceder a información sobre mitos asociados á saúde mental, prevención de suicidios e pautas saudables para persoas diagnosticadas con patoloxía mental.

A finalidade deste proxecto é dobre: por unha banda, dotar á institución penal de persoas formadas como Auxiliares de Psiquiatría para que desenvolvan a figura de Interno e Interna de apoio dentro do Centro, velando polo benestar doutros internos e internas con patoloxía mental; doutra banda, mellorar o perfil de empregabilidade do alumnado participante, xa que esta acción formativa ten 300 horas e está acreditada por unha Universidade.

[Máis información](#)

### **Fundación da Santa Cruz**

Avda. de Galicia, 160. 36216 Vigo

A Fundación da Santa Cruz celebrará o Día Mundial da Saúde Mental cun acto no Auditorio de Teis, o 10 de outubro, de 11:00 a 12:30 horas, no que desenvolverá o seguinte contido:

- Presentación
- Visualización de contos editados e dobrados por persoas usuarias
- "CANDO A MENTE FALA", tres relatos autobiográficos
- Exposición das obras creadas no taller de Macramé e entrega de obsequio

[Máis información](#)

### **Saúde Mental FEALES Galicia**

r/ Aragón 147, 36206 Vigo

O movemento asociativo de SAÚDE MENTAL ESPAÑA xa ten a identidade visual coa que conmemorará o próximo Día Mundial da Saúde Mental 2022, cuxo lema elixido por votación popular é "Dálle like á saúde mental. Polo dereito para crecer en benestar".

Como en anos anteriores, a temática deste ano toma como referencia a liña marcada a nivel internacional pola Federación Mundial para a Saúde Mental (WFMH), que é o benestar e a saúde mental de todas as persoas como unha prioridade global. Con todo, a Confederación quixo focalizar a proposta na infancia, a adolescencia e a mocidade, colectivos cuxa saúde mental é máis vulnerable e que requiren de maiores esforzos.

O obxectivo do lema, da identidade visual e das accións que se realizarán polo Día Mundial da Saúde Mental 2022 é interpelar e involucrar no coidado e a protección da saúde mental desde a primeira infancia, non só a institucións e axentes decisores, senón tamén a mozas e adolescentes, así como a familias con nenas e nenos, e ás comunidades educativas, para que presten atención á saúde mental e outórguenlle a importancia que ten na vida das persoas, practicamente desde que nacen.

[Máis información](#)

## **Asociación Ciudadana de Lucha Contra la Droga Alborada - Programa Verdear**

C/ Subida a Cotogrande, 36.214 Cabral Vigo.

13 outubro. II Encontro "Saúde Mental e Medio Natural"

- 10:30 Andaina. A ruta de San Pedro (montes de Cabral)
- 11.30 Coloquio Saúde Mental e Medio Natural: cuestións, reflexións, propostas
- 12.15 Magosto
- 13.00 Fin da actividade

[Máis información](#)